



SOBRE OS MATERIAIS AUDIOVISUAIS OU KAFKA NA GALIZA

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

STEG critica as licencias educativas EDEGA

Nestas datas, os centros educativos galegos veñen de representar o papel de Joseph K., aquel que nonsabía de que o acusaban, do xeito en que escribira Kafka n`O Proceso.

As direccións dos centros recibiron un novo correo de MPLC e Licencia Educativa Egeda, no que se convida os mesmos a “pasar por caixa” para o uso dos materiais audiovisuais nas propostas didácticas do proceso pedagóxico.

Estes prezos, que rozan os 1000 euros no caso dos centros de máis de mil cincocentos alumnxs, deben ser abonados, di o correo, antes do 15 de outubro deste mesmo ano, é dicir, xa, i en caso contrario, requiren que aqueles centros que non estean usando materiais audiovisuais, igualmente o comuniquen! Arroubándose unha autoridade que aínda Kafka non sería quen de entender.

Esta situación abusiva encádrase dentro do proceso de “alegre” saqueo do público emprendido por grandes corporacións (neste caso madrileñas, que son as inventoras do invento, alí xa queda pouco por sarchar!) coa connivencia de non poucas administracións autonómicas (Valencia, Castela-León, Castela- A Mancha, e a restra delas que todxs podemos intuír), mudando a Educación Pública nun Nicho de Negocio, no canto de protexela como un Niño do Saber.

O STEG reclama enerxicamente que a Consellaría de Educación protexa e ampare os centros desta práctica que se sae dos cauces de relación normais entre o público e o privado, e que representa unha intromisión intolerábel na actividade dos centros públicos de ensino, que xa dispoñen de ferramentas, órganos e persoas que deberan non só esixir o seu correcto funcionamento, senón tamén e ademais rexeitar decididamente prácticas chantaxistas e kafkianas, esta sorte de “Costra Nosa” disfrazada de corporación benefactora e legalista.

A reiteración de accións de diversa natureza, no camiño de debilitar e agredir a Educación como ben público, e a pasividade e inacción da Administración Educativa, van camiño de nos converter aos profesionais da Educación naquel labrego do escritor checo que botara toda a vida sentado ao pe da porta da Xustiza, e preguntábase porqué ninguén máis ca el se achegara á porta en todo ese tempo. Respondíalle o Garda: “Porque esta porta estaba feita só para ti, pero non a cruzaches. Agora teño que pechala”.

O STEG achega o seu apoio aos centros educativos de ensino público, e defende a súa autonomía, profesionalidade e responsabilidade no desenvolvemento da súa actividade, fronte aos que queren converter a Educación nun campo estercoado a fins espúreos e ilexítimos.

Secretariado Nacional do STEG
22 de setembro de 2015